

COMUNICADO Nº 1 ÁS FAMILIAS DO CEIP ESCULTOR ACUÑA

Martes , 6 de setembro de 2022

Benvidas e Benvidos ao novo curso escolar 2022-2023

Prezadas Familias:

Dende o equipo docente e persoal non docente, e desexando que desfrutedes dunha boa saúde, queremos darvos a benvida ao novo curso 2022-2023 e facervos chegar as seguintes novas:

1. Inicio do curso 2022-2023

Seguindo a Orde do Calendario Escolar 2022-2023 o novo curso comezará o **xoves 8 de setembro**. Nestes momentos estamos traballando para asegurar unha volta dos nosos “escultores e escultoras” o máis acollidora posible.

2. Horarios , zonas de entrada , saídas e acceso ao centro

Seguindo as indicacións aprobadas no Claustro e Consello Escolar de final e curso o acceso ao centro no inicio da xornada (8.50-9.00h) será exclusivo para o alumnado. As familias entregarán ao profesorado de garda de entrada aos seus fillos e fillas. Esta medida facilita a entrada máis serena e autónoma do noso alumnado ao centro. Para as saídas de alumnado as familias entrarán as zonas de recollida habituais (patio cuberto de infantil e patio exterior dos maiores). Os horarios e zonas de entradas e saídas serán os mesmos que ao longo do pasado curso 21-22

XOVES, DÍA 8 DE SETEMBRO				
ED.		ENTRADA	HORARIO	RECOLLIDA
INFANTIL	4º	PORTA Nº 2 RAMPA	Segundo o período de adaptación (ata o día 16 de setembro)	13.50 HORAS PORTA PRINCIPAL
	5º	PORTA Nº 2 RAMPA	8.50 9.00 HORAS	13.50 HORAS PATIO DE INFANTIL
	6º	PORTA Nº 2 RAMPA	8.50 9.00 HORAS	13.50 HORAS PATIO DE INFANTIL
PRIMARIA	1º-2º	PORTA Nº 1 ESCALEIRAS	8.50 9.00 HORAS	14.00 HORAS PATIO DE INFANTIL
	3º-4º	PORTA Nº 3 PATIO PRIMARIA	8.50 9.00 HORAS	14.00 HORAS PATIO DE PRIMARIA
	5º-6º	PORTA Nº 3 PATIO PRIMARIA	8.50 9.00 HORAS	14.00 HORAS PATIO DE PRIMARIA



3. Nova Lei Educativa (LOMLOE) en Educación Infantil, 1º, 3º e 5º de Primaria

Este ano van convivir dúas leis educativas. Neste curso 2022-2023 implántanse a LOMLOE cos seus novos currículos (plans de estudos) en Infantil, 1º, 3º e 5º de Primaria. Nos cursos 2º, 4º e 6º de Primaria aínda permanece vixente a LOMCE (lei educativa anterior). O vindeiro curso 2023-2024 implantarase a nova lei LOMLOE nos cursos 2º, 4º e 6º de Primaria. Dende as titorías aclararán todas as dúbidas posibles ás familias en relación a este tema.

4. Reparto de vales de material escolar e vales de libros (1º e 2º) FondoLibros (3º a 6º)

Xa podedes pasar pola Secretaría a recoller os vales de libros (1º e 2º de primaria) e se é o caso os de material escolar en horario de 9:30 a 13:30 horas.

Os libros do programa Fondolibros (de 3º a 6º de primaria) entregaranse aos solicitantes na segunda quincena de setembro, previa comunicación por Abalarmobil.

Os primeiros días do curso, as persoas titoras entregarán a relación de material a empregar no curso.

5. Listados dos distintos grupos educativos de infantil e primaria

O mércores, día 7 de setembro, serán enviados os listados dos grupos coas persoas titoras a través da aplicación Abalarmobil e un comunicado con consellos para o primeiro día do curso.

6 . Servizos complementarios de autobús, comedor e aula de madrugadores

a) Autobús: está garantido o funcionamento das 3 liñas de transporte escolar. O alumnado deberá utilizar a mascarilla en todo o traxecto e terá un asento fixo todo o curso escolar. Ante calquera dúbida, contactar coa secretaria do centro (886 120 115). Enviarase ficha de actualización de datos.

b) Comedor, aula de madrugadores e actividades extraescolares: dende a ANPA comunicannos que o servizo de madrugadores e de comedor funcionará dende o primeiro día do curso (xoves, 8 de setembro). As actividades extraescolares, xestionadas pola ANPA, terán o seu comezo no mes de outubro. Para máis información contactar coa ANPA (677 236 143)

O alumnado de 4º de Educación Infantil comezará co uso do comedor e transporte escolar unha vez finalizado o período de adaptación (16 de setembro).

7. Protocolo COVID

O novo Protocolo COVID queda derogado En todo caso, manteremos algunhas rutinas de limpeza que facilitan a boa hixiene individual e colectiva.

8. Nova Orientadora no centro

Elena Iglesias Domínguez é a nova orientadora con destino no noso centro ao longo deste curso. As familias que necesiten das súas funcións deberán solicitar unha cita na secretaria do centro (886 120 115 Lourdes)

9. Axudas de necesidades educativas (Becas)

Pode solicitarse esta axuda do Ministerio de Educación e FP. Debedes trasladarlle a solicitude á nova orientadora (Elena) antes do 20 de setembro para que axunte o informe preceptivo.



10. Reunión presenciais das familias coas titorias

Ao longo da primeira semana do curso enviaremos as citacións para as reunións iniciais do curso cos equipos docentes. As reunións presenciais serán realizadas entre a última semana de setembro e o mes de outubro

11 Consello Escolar de Centro: reunión inicial do curso

No día de onte, luns, 5 de setembro, tivo lugar o primeiro Consello Escolar cuxas informacións damos a coñecer:

a) Valoración do inicio de curso 2022-2023:

Realizouse un estudo de alumnado no centro (366 alumnos e alumnas) con data 05 de setembro: 91 alumnos/as de Infantil e 275 de primaria. Importante incremento neste curso de alumnado con necesidades educativas especiais (NEE). Posta en marcha da nova lei educativa LOMLOE no segundo ciclo de Educación Infantil (4º-5º e 6º) e nos cursos 1º, 3º e 5º de Educación Primaria, Teremos un novo grupo educativo en 5º de Primaria (5º C) e temos unha mestra menos na especialidade de Audición e Linguaxe. Solicitud de participación no Programa PROA + da Consellería de Educación co obxecto de poder dispoñer dun/dunha mestre/a de apoio educativo para os cursos 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria. As listaxes definitivas dos grupos educativos serán remitidos ás familias o mércores, 7 de setembro. Estudo inicial dos servizos de transporte, aula matinal, comedor e actividades extraescolares. O transporte escolar seguirá mantendo as tres (3) liñas actuais. O comedor volverá a ter as dinámicas previas ao tempo da pandemia coas entregas de alumnado en dúas quendas (15:15h e 15:45h). As actividades extraescolares comezarán no mes de outubro, xestionada pola nosa ANPA. A empresa de servizos Cocofante desenvolverá varias actividades. En breve, serán remitidas ás familias. Este ano a elección do día non lectivo para o noso centro recae no martes 2 de maio de 2023. A finais do primeiro trimestre haberá unha renovación parcial do noso Consello Escolar no sector das familias e do profesorado, do que informaremos con antelación.

b) Supresión da praza de AL:

Hoxe, martes día 6 de setembro ás 18:00h, está programada unha reunión da directiva da ANPA e do equipo docente coas familias de alumnado con necesidades educativas especiais para explicar a situación actual coa supresión da praza de Audición e Linguaxe. As conclusións serán remitidas a todas as familias da nosa comunidade educativa para o seu coñecemento.

Moita saúde

O Equipo Educativo do CEIP Escultor Acuña